



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Historia		Código	613G01009
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Humanidades			
Coordinación	Velasco Souto, Carlos Francisco	Correo electrónico	carlos.velasco@udc.es	
Profesorado	Alonso Troncoso, Victor Montero Fenollos, Juan Luis Romero Portilla, Paz Velasco Souto, Carlos Francisco	Correo electrónico	v.alonso.troncoso@udc.es juan.fenollos@udc.es paz.romero.portilla@udc.es carlos.velasco@udc.es	
Web	www.udc.es/filo			
Descripción xeral	Analise do discurso histórico como marco de referencia para os estudos linguísticos e literarios. Comentario dalguns dos conceptos básicos no uso e a escritura da historia como a temporalidade, o espazo, suxeito, obxecto e evolución do discurso histórico.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título
Saber analizar e comentar textos e discursos históricos utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.	A2	
Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.	A10	
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.	B1	
Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.	B2	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.	B5	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.	B6	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.	B7	
Apreciar a diversidade.	B8	
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.	B9	
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.	B10	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas lingua oficiais da comunidade autónoma.		C1
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.		C4
Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.		C5
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.		C6
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.		C7
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.		C8
Ter e saber aplicar os coñecementos básicos que permitan reflexionar sobre a disciplina histórica	A2	B3 C4
Coñecer o uso que dos conceptos fundamentais tratados se ten feito polos propios historiadores	A23	B3 C4



Coñecer a aportación da historia, a literatura e a memoria para a representación do pasado	A2	B1	C1
Saber que os conceptos, as escrituras e a investigación histórica están en permanente construcción.	A2 A23	B1 B3	C1 C6
Utilizar os coñecementos e técnicas propias da historia no ámbito doutras disciplinas, nomeadamente as relacionadas coa lingüaxe como a lingüística e a literatura.	A1 A2 A3 A23	B1 B3 B4 B5	C1 C4 C7 C8
Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar críticamente información especializada.	B6 B7 B8 B9 B10		
	A11		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Consideracións xerais acerca da Historia	1.1. Conceito de Historia 1.2. Obxecto e suxeito da Historia 1.3. Método e Teoría 1.4. O espazo e o tempo na Historia
2. O discurso histórico na Antigüidade	2.1. Os precedentes de Egipto, Mesopotamia e outras altas culturas urbanas 2.2. Da historiografía grega ás interpretacións proféticas do cristianismo
3. Da teocracia medieval ao racionalismo da Ilustración	3.1. A teoría das "tres ordes" do feudalismo 3.2. As crónicas medievais 3.3 A singularidade das historiografías non cristiás. Ibn Jaldun; a historiografía chinesa. 3.4. A crítica renacentista 3.4. A racionalidade ilustrada
4. Revolución francesa e liberalismo: o salto cara a construcción da Historia como ciencia	4.1. O nacemento da historiografía moderna. 4.2. Discurso histórico e nacionalización do pasado 4.3. As variantes do discurso histórico: liberalismo, romanticismo, positivismo e historicismo alemán 4.4 A literatura histórica: literaturas nacionais e sistemas literarios 4.5 Alguns estudos de caso
5. As multitudes na Historia	5.1. A renovación dos "Annales" e a Historia Económica 5.2. O materialismo histórico
6. A crise do discurso histórico nos finais do século XX.	6.1. A destrucción da Historia como ciencia 6.2 A volta á narración e outras alternativas.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba obxectiva	B1 B3 B5 B7 C1	2	30	32
Recensión bilbiográfica	A2 A10 B1 B3 B5 B6 B7 C1	0	25	25
Obradoiro	A1 A2 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C4 C6	7	4	11
Lecturas	A3 A11 A23 B1 B2 B3 B5 B6 B8 B9	0	38	38



Sesión maxistral	B1 B5 B6 B7 B8 C7 C8	21	0	21
Discusión dirixida	A11 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C4 C6	14	7	21
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías		Descripción
Proba obxectiva		Proba escrita para a avaliación da aprendizaxe. Versará sobre os contidos teóricos estudiados no curso e recollidos no temario da materia.
Recensión bilbiográfica		<p>Reseña dun libro indicado polo profesor. A recensión non supón un simple resumo da obra senon unha lectura profunda, unha analise do seu contido e unha valoración crítica se proceder. A extensión non excederá das seis follas mecanografadas, por una só cara, a tamaño 12 (descontada a capa).</p> <p>No presente curso, o libro a recensar será o seguinte: FONTANA, Josep (2013), <i>El futuro es un país extraño: una reflexión sobre la crisis social de comienzos del siglo XXI</i>. Barcelona, Pasado y Presente.</p>
Obradoiro		<p>Análise, comentario e debate dunha novela histórica en grupos reducidos. Deberán participar no debate todos os alumnos sen excepción, o que implica a asistencia obligatoria ás aulas interactivas.</p> <p>Os alumnos de segundo e terceiro curso con esta materia pendente, e somente eles, poderán substituir a intervención na aula pola entrega de breves comentarios por escrito relacionados cos textos obxecto de debate.</p> <p>Os alumnos en situación de dispensa académica realizarán esta actividade no gabinete do profesor, debatendo e dialogando con ele conforme a un cronograma previamente combinado.</p>
Lecturas		Lectura por conta do alumno do material bibliográfico seleccionado e recomendado polo profesor. As tais lecturas estarán relacionadas coa materia do temario.
Sesión maxistral		Exposición oral a cargo do profesor, centrada nos contidos do programa da asignatura
Discusión dirixida		<p>Debate na aula na base de materiais previamente distribuídos polo profesor e lidos polo alumno en horas non presenciais. O profesor orientará o debate. Deberán participar todos os alumnos sen excepción, o que implica a asistencia obligatoria ás aulas interactivas.</p> <p>Os alumnos de segundo e terceiro curso con esta materia pendente, e somente eles, poderán substituir a intervención nas aulas pola entrega de breves comentarios por escrito relacionados cos textos obxecto de debate.</p> <p>Os alumnos en situación de dispensa académica realizarán esta actividade no gabinete do profesor, debatendo e dialogando con ele conforme a un cronograma previamente combinado.</p>

Atención personalizada		Descripción
Proba obxectiva		<p>Na proba obxectiva o profesor deberá resolver as dúbidas que poda levantar a formulación das perguntas ou calquera cuestión relacionada coa materia obxecto de exame. Tamén deberá esclarecer a modalidade de exame a realizar e a correspondente valorización de cada pregunta.</p> <p>No caso da recensión, o profesor clarificará igualmente todas as dúbidas colocadas polo alumno a respecto da elaboración da mesma.</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Proba obxectiva	B1 B3 B5 B7 C1	Será avaliada a exposición realizada polo alumno consoante a criterios de articulación e coerencia expositiva e adecuación ás cuestións formuladas.	40
Recensión bilbiográfica	A2 A10 B1 B3 B5 B6 B7 C1	Será obxecto de estimación a capacidade analítica, de comprensión e de síntese a respecto do material a recensar, ben como a claridade expositiva do discurso.	40



Discusión dirixida	A11 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C4 C6	Valorizarse a capacidade de argumentar e contrastar a opinión propia coa dos compañeiros e compañeiras da aula. Toda opinión deberá estar debidamente fundamentada, non emitida á toa.	10
Obradoiro	A1 A2 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C4 C6	Apreciarase de modo especial a capacidade para traballar e debater en grupo e a receptividade para coas argumentacións dos demais.	10

Observacións avaliación**1. Para superar a materia é obrigatorio:**

- Superar a proba obxectiva - Ter entregado en tempo e forma as actividades encargadas durante o curso. Caso da suma das cualificacións do conxunto das metodoloxías ultrapasar os cinco puntos sen se teren alcanzado un mínimo de dous (sobre catro, na escala ponderada) na proba obxectiva, farase constar como cualificación final 4,9 implicando un suspenso na materia.

2. Serán avaliados os alumnos que asistiren à proba obxectiva e entregaren a recensión bibliográfica. Onde non, serán considerados como non presentados.

3. As faltas de ortografía (grallas) e/ou incorreccións léxico-gramaticais poderán ser motivo de suspenso automático cando muito graves e reiteradas. En calquera caso suporán unha diminución da nota.

4. Os alumnos/as en situación de matrícula a tempo parcial ou dispensa académica deberán realizar os mesmos traballos e probas que os estudantes suxeitos á matrícula ordinaria, conforme ás variantes para eles establecidas no apartado das metodoloxías.

5. Na "segunda oportunidade" de xullo e sucesivas (incluída a anticipada de decembro), serán avaliadas unicamente aquelas metodoloxías que nom tiverem sido superadas na primeira oportunidade, conservándose para as restantes metodoloxías as cualificacións obtidas en xuño.

6. Na "segunda oportunidade" de xullo e sucesivas (incluída a anticipada de decembro), a avaliación das actividades interactivas correspondentes ás metodoloxías "Obradoiro" e "Discusión dirixida" será realizada sobre a base da presentación, por parte do alumno/a, de resumos ou comentarios das leituras obxecto de debate nas ditas actividades ao longo do curso.

7. Recoméndase á todos os alumnos/as matriculados na materia (incluídos os que a tiveren pendente de cursos anteriores) que entreguen unha ficha con foto actualizada a fin de facilitar o seguimento e consigna das súas actividades por parte do profesor.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Fontana, Josep (1982). Historia. Análisis del pasado y proyecto social. Barcelona, Crítica- Pagés, Pelai (1983). Introducción a la Historia. Barcelona, Barcanova- Fontana, Josep (1999). Introducción al estudio de la Historia. Barcelona, Crítica- Burrow, John (2007). Historia de las historias. Barcelona, Crítica
---------------------	---

**Bibliografía complementaria**

- Bermejo Barrera, J. C. (2000). Pensa-la Historia. Ensaios de Historia teórica. Vigo, Ir Indo
- Hernández Sandioca, E. (2004). Tendencias historiográficas actuales. Madrid, Akal
- Carr, E. H. (2003). ¿Qué es la historia?. Barcelona, Ariel
- Moradiellos, E. (2002). Las caras de Clío. Introducción a la historia. Madrid, Siglo XXI editores
- Ainsa, F. (1997). Intervención literaria y "reconstrucción" histórica en la nueva narrativa latinoamericana.. K. Kohut (ed.): La invención del pasado. La novela histórica en el marco de la posmodernidad. Frankf
- Casanova, P. (2001). La República mundial de las letras.. Barcelona, Anagrama
- Fernández Pérez-Sanjulián, C. (2003). A construcción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo. Concello de Pontevedra e Fundación Caixa Galicia
- Ferreira da Cunha, C. M. (2002). A construção do discurso da história literária na literatura portuguesa do século XIX.. Universidade do Minho. Centro de Estudos Humanísticos
- González -Stephan, B. (2002). Fundaciones: canon, historia y cultura nacional. La historiografía literaria del liberalismo hispanoamericano del siglo XIX.. París/Frankfort, Iberoamericana-Vervuert.
- Hobsbawm, E. e Ranger, T. (1984). A invenção de tradições. Rio de Janeiro, Paz e Terra
- Llorens, I. (1998). Nacionalismo y literatura. Constitución e institucionalización de la "república de las letras cubanas". Universitat de Lleida
- Salinas Portugal, F. (2003). Emerxencia literaria e construcción nacional: o romance fundacional. A Tavares (Org.):Estudos Galego Brasileiros. Rio de Janeiro
- Thiesse, A. M. (2010). La creación de las identidades nacionales. Madrid, Ezaro
- Thompson, J. (2009). As novelas da memoria: trauma e representación da historia na Galicia contemporánea.. Vigo, Galaxia
- Vega, Mª J. (2003). Imperios de papel. Introducción a la crítica postcolonial. Barcelona, Crítica
- Velasco Souto, C. F. (2011). Discurso histórico e construcom da identidade nacional. O caso da Galiza. <http://illa.udc.es/novelahistoricagalega/estudios/estudos.html>
- Velasco Souto, C. F. (2011). Memoria histórica, identidade nacional e discurso literário na Galiza. Helena Rebello (org.): Lusofonia. Tempo de reciprocidades. Porto, Ed. Afrontamento

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

O profesor recomienda para un desenvolvemento satisfactorio da materia: - Seguemento puntual das clases - Realización das lecturas obligatorias - Mantimento dunha actitude autocrítica co traballo realizado, sempre na procura dunha mellora constante - Recorrer ao profesor no momento en que ao alumno se lle apresentaren dúbidas e problemas

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías